



Picasso, *Moza con mandolina*
París, primavera 1910
The Museum of Modern Art, New York

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA MÚSICA

Curso 2022/2023

IES Armando Cotarelo Valledor

Departamento didáctico de Música

μουσική (musiké)

*“A música é unha miniatura da harmonía
do universo enteiro”*

R. Bellés

A Música é unha Ciencia, unha Arte e unha Linguaxe de carácter universal.

É unha meta prioritaria do departamento de Música achegar este compendio de saber, en forma de atractivo mundo sonoro, aos mozos e mozas adolescentes.

A creatividade, a imaxinación, a sensibilidade, a intelixencia e a personalidade son calidades humanas que, a música desde a formulación da interiorización e a vivenciación pode desenvolver e nalgúns casos espertar.

Para iso tomouse como punto de partida, a experiencia, intereses e afeccións musicais do alumnado conectándoos co “Saber expresar” e “Saber percibir” que ofrece o currículo de Música, de tal modo que os alumnos e alumnas valoren e comprendan o feito musical como expresión da cultura dun pobo, como medio de comunicación e relación social e como potenciador do desenvolvemento integral da persoa.

Por conseguinte, este departamento ten o deber e a responsabilidade de realizar esta fermosa e difícil tarefa, e por que non? expola como o comezo “dunha bela amizade”.

Programación didáctica da materia de Música na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato. Curso 2022-2023

1. ASPECTOS COMÚNS DA PROGRAMACIÓN

- 1.1 Introducción e contextualización.
- 1.2 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- 1.3 Liñas do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas.
- 1.4 Relación de estándares de aprendizaxe avaliados de área que formarán parte dos perfís competencias.
- 1.5 Concreción para cada estándar de aprendizaxe de: obxectivos e contidos desenvolvidos, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.
- 1.6 Concrecións metodolóxicas da materia.
- 1.7 Materiais e recursos didácticos.
- 1.8 Criterios de cualificación e promoción do alumnado.
- 1.9 Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.
- 1.10 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- 1.11 Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2021/2022) e medidas a adoptar en función dos resultados.
- 1.12 Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.
- 1.13 Concreción dos elementos transversais en cada curso.

- 1.14 Actividades complementarias e extraescolares do departamento.
- 1.15 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

Composición do Departamento didáctico:

Don José Ignacio Castro Lozano (Director) que imparte: Psicoloxía en 2º de bacharelato e apoio de 4º de ESO (música)

Dona Natalia da Cruz Abril (Xefa do departamento) que imparte: 2º e 4º de ESO ademáis de valores éticos en 2º de ESO.

Don José Paredes Gómez que imparte: Proxecto competencial en 1º e 3º de ESO, Música en 3º de ESO e Historia da música e da danza en 2º de bacharelato.

1. ASPECTOS COMÚNS DA PROGRAMACIÓN

1.1 Introducción e contextualización.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos, ao igual que o que opta polas ensinanzas no réxime de adultos, procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

Situación socio-económica e cultural da contorna:

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

- Pesca e marisqueo
- Agricultura
- Hostalería
- Conserva (actualmente en plena decadencia)
- Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)
- Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é baixo.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas

expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).

- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

NORMATIVA:

1. Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa. (LOMCE) e a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro de Educación (LOMLOE).
2. Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
Real Decreto 217/2022 do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
Real Decreto 243/2022 do 5 de abril polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.
3. Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
4. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria (DOG do 26/09/2022). Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do bacharelato (DOG do 26/09/2022).
5. Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
6. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Resolución do 26 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2022/23.

1.2 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A materia de Música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de distintas culturas, épocas e estilos. Pode potenciar, así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra. A orientación desta materia, na que a expresión ten un papel importante, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Colabora ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal, mediante o traballo en colaboración ao que antes nos referimos e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e da toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades talles como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores crave para a adquisición desta competencia. A música contribúe tamén á competencia social e cidadá. A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na

adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo, responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e, con iso, a valoración dos demais e os trazos da sociedade en que se vive.

A música tamén contribúe de maneira directa ao desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. Ademais, a obtención de información musical require destrezas relacionadas co tratamento da información, aínda que desde esta materia merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma, como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha banda, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e «apropiarse» dela. Por outra, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren da toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control eficaz dos propios procesos. En todos estes casos, é necesaria unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos desde a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

Respecto da competencia en comunicación lingüística, a música contribúe, do mesmo xeito que outras materias, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora na integración da linguaxe musical e a linguaxe verbal e na valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

Desde o punto de vista da competencia matemática e da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, a música realiza a súa achega á mellora da calidade do medio ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ademais, os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A incorporación das competencias clave ao currículo introduce dous novos enfoques: por unha banda permítenos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e por outra banda achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse desde unha perspectiva integradora e de colaboración.

1.3 Liñas do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas.

As liñas xerais do plan de reforzo e recuperación veñen establecidas baixo o principio de continuidade do proceso de ensinanza aprendizaxe; recuperar o non traballado ou insuficientemente traballado debido á situación de excepcionalidade do terceiro trimestre.

O equipo docente elabora un plan de recuperación indicando os bloques de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que considerou imprescindibles para responder a ese principio de continuidade que debe rexer no proceso educativo.

Desenvólvese mediante axustes curriculares segundo as necesidades do alumnado e estenderase durante o primeiro trimestre 2022/2023.

As medidas metodolóxicas e organizativas deben favorecer o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas o departamento de Música aposta polo emprego de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica das competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo entre outras.

No referente á temporalización procurárase desenvolver a adquisición destas aprendizaxes imprescindibles co tempo suficiente para a súa adquisición sen demorar, tampouco, o inicio da nova materia que lle é propia a cada curso evitando crear lapsos no alumnado das novas aprendizaxes.

A adquisición destas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e que se van desenvolver durante as primeiras xornadas de clase son un bo marco para facilitar unha transición ao ensino non presencial. O departamento de Música propón que parte das actividades que se lle encomenden ao alumnado sexan entregadas persoalmente ou empregando o correo electrónico ou a aula virtual.

1.4 Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establecen que para valorar o grado de adquisición das competencias do currículo, os departamentos de coordinación didáctica deberán elaborar os perfís destas, para o que se relacionarán os estándares de aprendizaxe de cada materia coa competencia ou as competencias ás que ditos estándares contribúan máis directamente.

Nos cuadros de relación expostos a continuación, aplicaremos os seguintes códigos de competencia:

1. Competencia Lingüística: CCL;
2. Competencia Matemática e Competencias en Ciencia e Tecnoloxía: CMCCT;
3. Competencia Dixital: CD;
4. Aprender a Aprender: CAA;

5. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor: CSIEE;
6. Competencias Sociais e Cívicas: CSC;
7. Conciencia e Expresións culturais: CCEC.

1.4.1 2ª da ESO - Música

Nº de estandar	Bloque 1. Interpretación e creación	Competencia	Competencia
		1	2
MUB1.1.1	Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada	CCEC	CCL
MUB1.1.2	Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	CMCCT	CCEC
MUB1.1.3	Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	CMCCT	CCEC
MUB1.2.1	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	CCEC	
MUB1.3.1	Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns	CAA	CCEC
MUB1.3.2	Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	CAA	CCEC
MUB1.4.1	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CAA	CCEC
MUB1.4.2	Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	CCEC	
MUB1.4.3	Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	CCEC	
MUB1.4.4	Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	CCEC	
MUB1.4.5	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	CAA	CCEC
MUB1.5.1	Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas	CAA	CCEC
MUB1.5.2	Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CSIEE	
MUB1.6.1	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	CCEC	
MUB1.6.2	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC	
MUB1.6.3	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	CSC	
MUB1.6.4	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	CSIEE	

Nº de estandar	Bloque 2. escoita	Competencia	Competencia
		1	2
MUB2.1.1	Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	CCEC	
MUB2.1.2	Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	CCEC	
MUB2.2.1	Sigue partituras como apoio á audición.	CCEC	
MUB2.3.1	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CSC	
MUB2.4.1	Describe os elementos das obras musicais propostas.	CCL	CCEC
MUB2.4.2	Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	CCEC	
MUB2.4.3	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	CCL	
MUB2.5.1	Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música	CSC	
MUB2.5.2	Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	CSIEE	CD

Nº de estandar	Bloque 3. Contextos musicais e culturais	Competencia	Competencia
		1	2
MUB3.1.1	Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.	CCEC	
MUB3.1.2	Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	CCEC	
MUB3.2.1	Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	CCEC	
MUB3.3.1	Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.	CCEC	
MUB3.3.2	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC	
MUB3.3.3	Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	CCEC	
MUB3.3.4	Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.	CCEC	CSIEE
MUB3.4.1	Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	CCL	
MUB3.4.2	Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	CCL	
MUB3.5.1	Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	CD	
MUB3.5.2	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA	

Nº de estandar	Bloque 4. Música e tecnoloxías	Competencia	Competencia
		1	2
MUB4.1.1	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	CD	
MUB4.1.2	Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	CD	CSIEE

MUB4.2.1	Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD	
----------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----	--

1.4.2 4ª da ESO - Música

Nº de estandar	Bloque 1. Interpretación e creación	Compe-	Compe-
		tencia 1	tencia 2
MUB1.1.1	Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	CAA	CSC
MUB1.1.2	Le partituras como apoio á interpretación.	CCEC	
MUB1.1.3	Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	CSC	
MUB1.2.1	Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	CCEC	CSC
MUB1.3.1	Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	CD	CMCCT
MUB1.3.2	Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	CD	
MUB1.4.1	Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	CSC	CSIEE

Nº de estandar	Bloque 2. Escoita	Compe-	Compe-	Compe-
		tencia 1	tencia 2	tencia 3
MUB2.1.1	Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	CMCCT	CCL	CSC
MUB2.1.2	Le e analiza partituras como apoio á audición.	CCEC		
MUB2.2.1	Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	CCL	CCEC	
MUB2.3.1	Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	CCL	CCEC	
MUB2.4.1	Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.	CCL	CCEC	
MUB2.4.2	Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	CCEC	CSC	
MUB2.4.3	Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	CSC	CCEC	
MUB2.5.1	Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	CD	CSC	
MUB2.6.1	Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	CCL	CCEC	CSC

Nº de estandar	Bloque 3. Contextos musicais e culturais	Compe-	Compe-	Compe-
		tencia 1	tencia 2	tencia 3
MUB3.1.1	Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	CSC	CCEC	
MUB3.1.2	Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.	CSC	CCEC	
MUB3.2.1	Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	CSC	CCEC	
MUB3.2.2	Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	CSC	CCEC	
MUB3.3.1	Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	CCL	CSC	CAA
MUB4.4.1	Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	CAA	CSC	CCL
MUB4.4.2.	Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	CD		

Nº de estandar	Bloque 4. Música e tecnoloxías	Compe-	Compe-	Compe-
		tencia 1	tencia 2	tencia 3
MUB4.1.1.	Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	CAA	CD	CMCCT
MUB4.1.2.	Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	CSC	CSIEE	
MUB4.2.1.	Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	CSC	CD	
MUB4.3.1.	Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	CAA	CD	
MUB4.3.2.	Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	CD	CCEC	CMCCT
MUB4.4.1.	Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	CAA	CD	
MUB4.5.1.	Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	CD	CCEC	
MUB4.5.2.	Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD	CCL	CAA
MUB4.5.3.	Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	CAA	CL	CD

1.5.4 2º de BACHARELATO – Historia da música e da danza II

<i>Nº de estandar</i>	Bloque 1. Percepción, análise e documentación	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
<i>HMDB1.1.1</i>	Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela	CCEC	CAA		
<i>HMDB1.1.2</i>	Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	CMCCT			
<i>HMDB1.1.3</i>	Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.	CAA	CCL		
<i>HMDB1.2.1</i>	Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.	CCEC			
<i>HMDB1.2.2</i>	Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.	CAA	CCL		
<i>HMDB1.2.3</i>	Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.	CCEC	CCL		
<i>HMDB1.3.1</i>	Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.	CCEC	CAA		
<i>HMDB1.3.2</i>	Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.	CCEC	CAA	CSC	
<i>HMDB1.3.3</i>	Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.	CAA	CSC		
<i>HMDB1.4.1</i>	Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.	CCL	CAA	CCEC	
<i>HMDB1.4.2</i>	Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	CAA	CCL		
<i>HMDB1.5.1</i>	Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	CAA	CCEC	CCL	
<i>HMDB1.5.2</i>	Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.	CAA	CCL		
<i>HMDB1.5.3</i>	Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.	CD	CSIEE		
<i>HMDB1.6.1</i>	Transmite certeza e seguridade na comunicación das	CAA	CSIEE	CCEC	CCL

	ideas, e dominio do tema de investigación.				
HMDB1.6.2	Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.	CCL	CCEC	CAA	
HMDB1.6.3	Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.	CSC	CSIEE		
HMDB1.6.4	Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CC	CSIEE	CCEC	
HMDB1.6.5	Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.	CCL	CAA	CSIEE	CCEC
HMDB1.6.6	Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	CD	CAA		

Nº de estándar	Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB2.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA	CCEC	CCL	
HMDB2.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos	CCEC	CCL	CD	
HMDB2.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.	CAA	CCEC	CSC	CCL
Nº de estándar	Bloque 3. O Renacemento	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB3.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA	CCEC	CCL	
HMDB3.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos	CCEC	CCL	CD	
HMDB3.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada,	CAA	CCEC	CSC	CCL

	establecendo xuízos críticos.				
Nº de estándar	Bloque 4. O Barroco	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB4.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas	CAA	CCEC	CCL	
HMDB4.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos	CCEC	CCL	CD	
HMDB4.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos	CAA	CCEC	CSC	CCL

Nº de estándar	Bloque 5. O Clasicismo	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB5.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA	CCEC	CCL	
HMDB5.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos	CCEC	CCL	CD	
HMDB5.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.	CAA	CCEC	CSC	CCL
Nº de estándar	Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo.	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB6.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA	CCEC	CCL	
HMDB6.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos.	CCEC	CCL	CD	
HMDB6.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos	CAA	CCEC	CSC	CCL
Nº de estándar	Bloque 7. Primeiras tendencias modernas.	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB7.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA	CCEC	CCL	
HMDB7.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos.	CCEC	CCL	CD	

HMDB7.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos..	CAA	CCEC	CSC	CCL
-----------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----	------	-----	-----

Nº de estándar	Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB8.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA	CCEC	CCL	
HMDB8.1.2	Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos	CCEC	CCL	CD	
HMDB8.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos	CAA	CCEC	CSC	CCL
Nº de estándar	Bloque 9. A música tradicional no mundo	Competencia 1	Competencia 2	Competencia 3	Competencia 4
HMDB9.1.1	Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos	CCEC	CCL	CD	

1.5 Concreción para cada estándar de aprendizaxe de: obxectivos e contidos desenvolto, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

1.5.1 2º de ESO - Música

Obxectivos:

Como a materia de música para 2º de ESO contibúe aos obxectivos da etapa, imos presentar a continuación os contidos a traballar na materia e as capacidades do alumnado que queremos desenvolver a través dese traballo.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Bloque 1. Interpretación e creación		
n ñ m	<p>B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical</p> <p>B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.</p> <p>B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.</p> <p>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.</p> <p>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.</p>	<p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>
n	<p>B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.</p>	<p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>

n g	<p>B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</p> <p>B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.</p>	<p>B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p>
a b d	<p>B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.</p> <p>B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</p>	<p>B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p>
a n	<p>B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.</p> <p>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.</p>	<p>B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>
g n d ñ	<p>B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.</p> <p>B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</p>	<p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Bloque 2. Escoita		
n ñ	<p>B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.</p> <p>B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.</p> <p>B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.</p>	<p>B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.</p>

n	B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
b a	B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
h n	B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.	B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
e f m	B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
e n	<p>B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</p> <p>B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</p> <p>B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.</p> <p>B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.</p> <p>B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</p>	B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.
e n	B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

- a. Temporalización
- b. Grao mínimo de consecución para superar a materia
- c. Procedementos e instrumentos de avaliación

Bloque 1: Interpretación e creación:

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

- a. Realizárase segundo as obras traballadas durante todo o curso.
- b. Calidades do son: altura (pentagrama), intensidade (forte, piano), timbre e duración (figuras e silencios).
- c. Exames orais e escritos de linguaxe musical.

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais

- a. Realizárase segundo as obras traballadas durante todo o curso.
- b. Recoñecer os compases simples
- c. Analizáranse as obras escoitadas.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

- a. Realizárase segundo as obras traballadas durante todo o curso.
- b. Transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións moi sinxelas .
- c. Realizáranse exercicios na clase

MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

- a. Realizárase exercicios durante todo o curso.
- b. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música: colocación das notas no pentagrama clave de sol ,duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo.
- c. Valorárase o traballo diario.

MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

- a. Realizárase durante todo o curso.
- b. Realizar acompañamentos sinxelos a melodías dadas.
- c. Realizar os acompañamentos na clase (traballo cooperativo)

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías

- a. Realizárase todo o curso.
- b. Amosar interese e intentar aplicar a técnica axeitadamente.
- c. Valorárase o traballo de clase.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos

- a. Realizárase durante todo o curso.
- a. Participar activamente na clase, con respecto e actitude positiva.
- b. Valorárase o traballo de clase.

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

- a. Realizárase segundo as obras traballadas durante todo o curso.
HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 1º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música e da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 1º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 1º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 3. O Renacemento

HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 1º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música a da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 1º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 1º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 4. O Barroco

HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 1º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música a da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 1º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 1º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 5. O Clasicismo

HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 2º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música a da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 2º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 2º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo

HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 2º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música a da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 2º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 2º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 7. Primeiras tendencias modernas

HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 3º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música a da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 3º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 3º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX

HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

- a. 3º Trimestre.
- b. Recoñecer características da música a da danza desta época.
- c. Comentario de audición.

HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.

- a. 3º Trimestre.
- b. Coñecer algunhas obras e autores representativos.
- c. Comentario de audición.

HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

- a. 3º Trimestre.
- b. Relacionar un estilo ou un autor coa súa época.
- c. Comentario de audición ou exame.

Bloque 9. A música tradicional no mundo

HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.

- a. 3º Trimestre.
- b. Coñecer algúns usos características da música a da danza tradicional.
- c. Comentario de audición.

1.6 Concrecións metodolóxicas da materia.

A didáctica debe considerarse como fonte científica da metodoloxía, que se desenvolverá na materia desde múltiples propostas, desta forma, a comunicación didáctica permitirá acadar as seguintes vantaxes:

Coherencia diacrónica	Ao dar continuidade aos modos de facer do curso anterior, poden ser boas fibras transversais que reforcen a transición dun nivel ao seguinte. Esta posibilidade fai que a metodoloxía didáctica sexa un contido pedagóxico do proxecto educativo de centro de primeira magnitude.
Coherencia sincrónica	Polo feito de ofrecer formatos comúns de ensinanza para equipos didácticos e departamentos diferentes, esta colaboración favorecerá a coordinación metodolóxica, posibilitando un estilo e congruencia positivo para a construción cooperativa dos proxectos didácticos de etapa, nivel, programación de aula ou de unidades didácticas.
Enriquecemento de unidades didácticas	As múltiples propostas metodolóxicas poden enriquecer o deseño e desenvolvemento das unidades didácticas, complementándoas ou formando parte delas. En calquera caso, poderán atender ás distintas competencias clave.
Individualización da ensinanza e orientación didáctica	Favorece a individualización da ensinanza, a calidade da comunicación profesorado-alumnado e unha formación máis complexa e completa, máis aló da instrución.
Mellora da avaliación	Pódese incrementar o carácter continuo e formativo da avaliación e propiciar que os procesos de auto e coavaliación ocupen un lugar natural nos procesos de comunicación educativa.

A base da metodoloxía que se pretende levar a cabo no Departamento de Música, radica nos principios da aprendizaxe significativa:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
3. Posibilitar que os alumnos/as realicen aprendizaxes significativas por si mesmos.
4. Proporcionar situacións nas que os alumnos/as deban actualizar os seus coñecementos.
5. Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos/as, co fin de que resulten motivadoras.
6. Proporcionar situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental do alumno/a que o leve a reflexionar e xustificar as súas actuacións.
7. Promover a interacción na aula como motor da aprendizaxe.

A acción docente na materia de Música terá en especial consideración as seguintes recomendacións metodolóxicas:

- Potenciarase a aprendizaxe da música a través da práctica para desenvolver así destrezas e habilidades por parte do alumnado.
- Xeraranse na aula contornas que estimulen a creatividade dos alumnos/as ante a necesidade de solucionar diferentes problemas dados por formulacións abertas, sen final pechado.
- Procurarase a integración das aprendizaxes, desenvolvendo a capacidade de relacionar os novos contidos co xa aprendido en niveis inferiores e de vincular estes coñecementos coa realidade máis próxima, tomando en consideración os gustos e costumes musicais dos alumnos e incidindo, ademais, no establecemento de conexións entre a música e outras manifestacións artísticas e socio-culturais.
- A acción pedagóxica adecuarase a contextos específicos e incorporaranse outras aprendizaxes esenciais que contribúan á formación integral do alumno/a.
- Impulsarase o uso de metodoloxías variadas, activas e contextualizadas que impliquen ao alumno/a nunha aprendizaxe motivadora a través de proxectos, centros de interese, estudo de casos e actividades de investigación que espertarán nel a reflexión, o pensamento crítico e o coñecemento aplicado, fronte á aprendizaxe memorística.
- Incidirase en que o alumno/a afiance o interese e o hábito da lectura, desenvolva a linguaxe oral e escrita e a capacidade de expresarse adecuadamente en público, establecendo paralelismos coa linguaxe musical.
- Reforzarase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto nas súas aplicacións máis xerais como nas específicas da materia, propoñendo actividades de composición, audición e análise a través destes medios.
- Xeraranse na aula situacións que estimulen a creatividade dos alumnos ante a necesidade de solucionar diferentes problemas expostos.
- As actividades tamén se orientarán á aproximación aos métodos de análise, indagación e investigación.

O carácter lúdico debe prevalecer en toda actividade artística na que a capacidade de gozar e transmitir este gozo potencie a aprendizaxe do feito musical, integrando as diferentes aprendizaxes, tanto formais como non formais.

1.7 Materiais e recursos didácticos.

O alumnado manexará un material propio e outro común proporcionado polo centro.

É responsabilidade do grupo e de cada alumno e alumna o bo mantemento deste material, asegurada mediante o cumprimento dos roles específicos, a supervisión do profesorado e, chegado o caso, a aplicación do plan de convivencia.

Entre o material común dispoñible no centro consta o seguinte listado:

- Libros de texto e material bibliográfico dispoñíbel na aula de música e na biblioteca.
- Fotocopias de actividades deseñadas para a aula.
- Colección de DVD e CD do departamento de música.
 - o 1 lector de CD máis auriculares.
 - o 1 proxector máis DVD
- Vídeos educativos específicos e cinema relacionado coa área de música.
- 1 ordenador.
- Dous teclados Yamaha Klavinona.
- Instrumentos de placas: xilófonos, metalófonos e carillóns.
- Instrumentos Orff.
- Partituras para instrumentos Orff.
- 2 encerados: normal e pautado.
- Unha pizarra electrónica

1.8 Criterios de cualificación e promoción do alumnado.

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que mellora a calidade do ensino.

Trátase dun proceso dinámico, continuo e sistemático que implica unha reflexión crítica sobre o proceso didáctico. Esta avaliación, atendendo ao Decreto 86/2015, debe ser continua, formativa e integradora para a ESO e continua, formativa e diferenciada para o Bacharelato.

Mediante a avaliación pretendemos coñecer:

- O punto de partida, a evolución e as aprendizaxes dos nosos alumnos/as.
- O proceso de ensino.
- A práctica docente.

A avaliación terá lugar en diferentes momentos coma son unha avaliación inicial, da que falaremos máis adiante, unha avaliación formativa e unha avaliación final ou sumativa que darán froito á cualificación.

O profesorado avaliará aos alumnos/as tendo en conta os diferentes elementos do currículo.

Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

No apartado 1.7 desta programación (concreción para cada estándar da temporalización, grao mínimo e procedemento e instrumento) establecemos unha relación entre os estándares de aprendizaxe e os instrumentos que imos a empregar para avalialos.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, o profesorado informarán ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de cómo se vai a cualificar.

Empregaranse como procedementos e instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática:
 - Actividades realizadas, tanto na aula como na casa, que permitan avaliar o traballo do alumno/a.
 - Intervencións do alumnado en clase.
 - Observación dos hábitos de traballo e das estratexias de estudo no manexo do material didáctico.
- Traballos monográficos ou interdisciplinares individuais e grupais.
- Presentacións en distintos formatos informáticos.
- Audicións de obras de diferentes estilos e períodos históricos.
- Probas escritas, orais e de interpretación que permitan a comprobación do grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

Os criterios de cualificación establécense da seguinte maneira:

En 2º da ESO:

- Probas escritas e orais: 40%
- Práctica instrumental: 40%
- Traballo de clase (inclúe traballos monográficos individuais e grupais): 20%

En 4º da ESO:

- Probas escritas e orais: 30%
- Práctica instrumental: 40%
- Traballo de clase (inclúe traballos monográficos individuais e grupais): 30%

En 2º de Bacharelato:

- Comentario de audición (25%)
- Comentario de texto (25%)
- Traballo de investigación (20%)
- Exame (20%)
- Traballo de clase (10%)

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes criterios, a nota de 5 sobre 10.

A nota da terceira avaliación será coincidente coa nota da avaliación final, elaborando actividades de recuperación previas á avaliación, para o alumnado que non supere a materia.

Criterios de avaliación:

Os marcados polo decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Establécese unha porcentaxe dos distintos bloques de contido no peso de avaliación, atendendo á relación que teñen os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe:

Rúbricas:

RÚBRICAS - EXPOSICIÓN ORAL					
Criterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bo nivel 3 NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Contidos	Adáptase ao tema e abórdao en	Coñece o tema pero usa poucos exemplos.	Ideas correctas, pero incompleto e sen	Ideas simplistas	

Organización do contido	profundidade usando exemplos.		exemplos.		
	As diferentes seccións relacionáronse de forma global.	Intentou relacionar as diferentes seccións.	Secuenciación correcta pero seccións illadas.	Mal estruturado e difícil de entender	
Comunicación verbal e xestual	Tono de voz apropiado, linguaxe precisa. Utiliza xestos para aumentar a expresividade do seu discurso.	Fluída, o público amosa interese. Utiliza poucos xestos.	Clara pero pouco interesante. Poucos xestos e inapropiados.	Pouco clara e difícil de seguir. Non utiliza a linguaxe corporal.	
	Fala do que ten que expoñer sen ler.	Fala do que ten que expoñer usando un guión.	Le parte do que ten que expoñer usando un guión.	Le todo o que ten que expoñer.	
Materiais de soporte	Moi interesantes e atractivos.	Adecuados, axudaron a entender os conceptos.	Adecuados pero infrutilizados.	Poucos e non moi acertados.	
TOTAL₁:					

	TOTAL₁ * 10
Nota final sobre 10	20

RÚBRICAS - TRABALLO ESCRITO					
Cráterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bo nivel 3 NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Contidos	A información é excelente: entendeu o tema, reflexionou e chegou a conclusións.	A información é clara y mostra certa reflexión sobre o tema.	O contido demostra que entendeu o que traballou.	Información a un nivel moi simplista.	
Organización dos contidos.	Mostra unha planificación coidadosa e una secuenciación lóxica e clara.	A organización é adecuada e os apartados están relacionados entre si.	Cubrironse as diferentes seccións pero non hai conexión nin transición entre elas.	Confuso, incompleto e sen unha dirección clara.	
Aspectos lingüísticos.	Fluído e cun bo nivel lingüístico. Non presenta erros ortográficos.	Fluído e claro pero presenta 3 erros ortográficos.	Adecuado a pesar de 6 erros ortográficos.	Moitos erros (máis de 6). Difícil de entender.	
Presentación	A presentación está moi traballada e é moi atractiva visualmente.	A presentación é correcta e visual.	A presentación é correcta pero pouco atractiva.	Pouco elaborada. Pouco visual. Non utiliza imaxes, gráficos, enlaces, etc.	
TOTAL₂:					

	TOTAL₂ * 10
Nota final sobre 10	16

RÚBRICAS – TRABALLO GRUPAL					
Cráterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bo nivel 3 NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación

Contribucións ao grupo	Todo o grupo se implicou no traballo de forma similar.	Todos os membros do grupo colaboraron, aínda que a diferentes niveis.	Case que todos os membros do grupo se implicaron e completaron ás súas tarefas.	Só parte do grupo se implicou.	
Posta en común	As discusións axudaron á cohesión do grupo como equipo de traballo.	A posta en común serviu para planificar e resolver dúbidas.	Non houbo conflitos pero non todos participaron por igual.	Houbo conflitos nas discusións de grupo.	
Autonomía	Os problemas discutíronse no grupo e buscáronse solucións conxuntas.	Con frecuencia os problemas resolvéronse no seo do grupo.	Poucas veces necesitaron axuda do profesor/a.	Continuamente necesitaron ao profesor/a.	
TOTAL₃:					

Nota final sobre 10:	$TOTAL_3 * 10$
	12

RÚBRICAS – APRENDER A APRENDER					
Cráterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bo nivel 3 NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: Atención, concentración, memoria, comprensión e expresión e motivación de logro.	É capaz de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, pero non as distingue en situacións concretas.	Recoñece só algunha das súas capacidades de aprendizaxe.	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.	
Adquirir responsabilidades e compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe.	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseveranza.	É perseverante na responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo.	Mostra interese en mellorar as propias capacidades de aprendizaxe, pero non persevera.	Non manifesta interese en mellorar o seu propio aprendizaxe.	
Obter un rendemento máximo das capacidades de aprendizaxe coa axuda de estratexias e técnicas de estudo.	Selecciona estratexias e técnicas de estudo adecuadas para obter un rendemento máximo das súas capacidades.	Usa estratexias ou técnicas de estudo adecuadas pero non suficientes para lograr un rendemento máximo.	Usa estratexias ou técnicas de estudo inadecuadas para mellorar o seu rendemento.	Non usa ningunha estratexia ou técnica de estudo para mellorar o seu rendemento.	
Adquirir confianza en si mesmo e goce por aprender.	Goza das aprendizaxes e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	Goza e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	Esfórzase en aprender aínda que non ten confianza nas súas propias capacidades.	Non cre nas súas propias capacidades para aprender ou non as utiliza.	
TOTAL₄:					

Nota final sobre 10:	$TOTAL_4 * 10$
	16

1.9 Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.

O alumno/a que supere materia dos dous primeiros trimestres do curso no que está matriculado, considerarase que ten superados os estándares de aprendizaxe do curso anterior debido ao carácter progresivo dos estándares da materia de Música.

No caso de que isto non aconteza, o alumno/a deberá presentarse, no mes de maio, a unha proba escrita (50% da cualificación final) versará sobre os contidos da materia do curso que ten pendente, e a unha proba de práctica instrumental das obras traballadas (50% da cualificación final).

O alumno/a coa materia pendente será orientado persoalmente pola profesora, xefa do departamento didáctico, nas horas de xefatura do departamento e no primeiro recreo dos luns e martes, co fin de repasar e reforzar os contidos da materia.

1.10 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

As seguintes rúbricas propóñense para avaliar a práctica docente e os logros do grupo, xunto coa evolución das cualificacións do alumnado ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

1.10.1 Rúbricas de autoevaluación

As seguintes rúbricas serán cualificadas de maneira sincera polo profesor/a, cunha valoración de 1 a 4 puntos (sendo 4 a mellor cualificación posible).

Os resultados serán tidos en conta para mellorar aqueles aspectos da programación ou da actuación docente que presenten menor valoración.

1.10.1.1 Rúbrica de planificación

<i>Indicadores</i>	<i>Valoración</i>	<i>Porposta de mellora</i>
1. <i>Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas</i>		
2. <i>Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.</i>		
3. <i>Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.</i>		

4. <i>Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.</i>		
5. <i>Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.</i>		
6. <i>Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.</i>		
7. <i>Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.</i>		

1.10.1.2 Rúbrica de motivación do alumnado

<i>Indicadores</i>	<i>Valoración</i>	<i>Porposta de mellora</i>
1. <i>Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.</i>		
2. <i>Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).</i>		
3. <i>Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.</i>		
4. <i>Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.</i>		
5. <i>Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.</i>		
6. <i>Estimula a participación activa dos estudantes en clase.</i>		
7. <i>Promove a reflexión dos temas tratados.</i>		

1.10.1.3 Rúbrica do desenvolvemento do proceso de ensinanza

<i>Indicadores</i>	<i>Valoración</i>	<i>Porposta de mellora</i>
--------------------	-------------------	----------------------------

1. Resume as ideas fundamentais traballadas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
8. Expón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		

1.10.1.4 Rúbrica de seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Indicadores	Valoración	Porposta de mellora
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		

10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.

--	--

1.10.1.5 Rúbrica de avaliación por parte do alumnado

O seguinte cuestionario será contestado polo alumnado ao finalizar o curso, e servirá para recoller a súa opinión de fronte ao control e mellora da programación e da práctica docente.

1. A materia despertou o meu interese pola materia de música?
 - a. Moito
 - b. O suficiente
 - c. Pouco
 - d. Nada

2. A información proporcionada polo profesor ou profesora foi suficiente para entender os contidos?
 - a. Si
 - b. Non

3. O tempo dedicado ás actividades foi suficiente?
 - a. Si
 - b. Non

Proposta de mellora da temporalización: _____

4. Os materiais empregados foron adecuados?
 - a. Si
 - b. Non

Proposta de materiais a retirar/engadir: _____

5. As actividades realizadas foron adecuadas?
 - a. Si
 - b. Non

Proposta de modificación de actividades: _____

6. O método de avaliación e cualificación é adecuado?

- a. Si
- b. Non

Proposta de modificación de avaliación e cualificación: _____

7. Outras propostas de mellora (recursos, instalacións, convivencia, ambiente de traballo, ...) _____

1.11 Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2021/2022) e medidas a adoptar en función dos resultados.

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha avaliación inicial cuxo propósito é o de identificar o estado inicial de coñecementos, capacidades e intereses dos alumnos/as para preparar materiais do curriculum adecuados aos seus esquemas cognitivos que posibiliten realizar unha aprendizaxe significativa.

Cos datos obtidos o profesorado poderá tomar conciencia do seu nivel de partida, tendo así a oportunidade de contribuír a establecer o seu propio programa de aprendizaxe ao coñecer os aspectos que debe desenvolver e mellorar.

Posteriormente, utilizaranse criterios de avaliación que proporcionan información sobre os aspectos para considerar para determinar o tipo e nivel de aprendizaxe alcanzada polo alumnado en cada un dos momentos do proceso, en relación á adquisición das capacidades, grao de comprensión e coñecementos recollidos no currículo.

Por suposto que toda esta acción debe realizarse desde unha perspectiva integradora, que teña en conta as características específicas de cada alumno/a de forma que os obxectivos deben amoldarse a cada caso individual. O profesor/a deberá deixar claro aos alumnos cales son os obxectivos que se deberán cumprir, e que contidos deberán adquirir de forma que a avaliación sexa un proceso transparente.

1.12 Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

Partimos da premisa de que en toda clase de hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén con diversos graos de motivación. Xa que logo, marcámonos como

obxectivo que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teña o éxito que lle corresponda á súa capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades empregados fai posible que todos os alumnos/as atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Por exemplo, os enfoques indutivo e dedutivo que se adoptan para o estudo proporcionan formas diferentes de acceder a un mesmo coñecemento, e, segundo o seu estilo individual de aprendizaxe, os alumnos/as beneficiaranse dun, doutro ou de ambos enfoques.

En canto ós ritmos de aprendizaxe, o deseño de actividades diferenciadas permite que o alumnado que o necesite dispoña de actividades de ampliación ou de reforzo. O profesor/a proporcionará actividades de ampliación para alumnos/as que rematan antes o seu traballo e fomentará a elaboración de proxectos.

En moitos casos, os alumnos/as teñen problemas porque non dominan as técnicas de estudo (lectura comprensiva, resúmenes, esquemas, cadros sinópticos, ...) polo tanto traballarase a aprendizaxe destas técnicas ao longo do proceso formativo.

A atención a diversidade nesta área, farase de xeito continuo nos casos nos que non precisen dunha adaptación curricular, adaptando os exercicios e as progresións de aprendizaxe cara as características dos diferentes alumnos/as.

Utilizaranse materiais e recursos didácticos variados (información escrita, información visual e/ou información tecnolóxica) para facilitar a adquisición dos contidos da dunha maneira comprensiva ós alumnos/as.

Cando as medidas ordinarias de atención á diversidade non sexan suficientes, en colaboración co departamento de Orientación, estableceranse medias extraordinarias de atención á diversidade.

A non existencia de recursos informáticos no fogar dos alumnos/as non pode ser un impedimento para a consecución da súa aprendizaxe. O dereito á educación estará garantido en todo momento. Prestarase especial atención por parte do centro á dispoñibilidade de equipos informáticos e de recursos por parte do alumnado, garantindo a igualdade de oportunidades. Os alumnos/as recibirán por outras vías o material de traballo (correo postal, etc) e os docentes prestaremos especial atención tamén, xa no comezo de curso, ás carencias que pudiera presentar todo o alumnado no uso e manexo dos medios telemáticos.

1.13 Concreción dos elementos transversais en cada curso

Os temas transversais son fundamentais para procurar que o alumnado adquira comportamentos responsables na sociedade, respectando as ideas e as crenzas dos demais. Estes temas –chamados transversais porque non corresponden de modo exclusivo a unha única área educativa, senón que están presentes de xeito global nos obxectivos e contidos de todas elas– contribuirán a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre todas as materias.

- Educación para o consumo.
 - Crear unha conciencia crítica ante o consumo.
 - Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais e sociais do consumo.
 - Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor.
- Educación para a saúde
 - Desenvolver hábitos de saúde.
 - Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e da forma de previlas e curalas.
- Educación para os dereitos humanos e para a paz
 - Preferir a solución dialogada ou consensuada antes có conflito.
 - Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e de institucións significativas.
- Educación para a igualdade entre sexos
 - Consolidar hábitos non discriminatorios.
 - Desenvolver a autoestima e a concepción do propio corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas.
- Educación ambiental
 - Concienciar sobre a deterioración do medio e as causas que o producen.
 - Influír nas actitudes que favorecen a conservación do medio.
- Educación multicultural
 - Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes.
 - Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con outras culturas.
- Educación vial

- Desenvolver condutas e hábitos que melloren a seguridade vial.
- Espertar a sensibilidade ante os accidentes de tráfico e as súas repercusións económicas e sociais.
- Educación para a convivencia
 - Favorecer o diálogo como forma de solucionar as discrepancias entre individuos e entre grupos.
 - Respetar a autonomía, as formas de pensar e os comportamentos doutros.
- Educación sexual
 - Consolidar actitudes de naturalidade e de respecto no tratamento de temas relacionados coa sexualidade.
 - Adquirir información suficiente e científica de todos os aspectos relativos á sexualidade.
- Accións de contribución ao proxecto lector

Nas sesións de aula realizaranse lecturas en voz alta dos textos relacionados cos contidos musicais, procedendo despois a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Realizaranse traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que lles obriguen a extraer información despois da lectura de textos máis extensos.

É decisivo para nós traballar a lectura de maneira non impositiva senón lúcida, lúdica e creativa. O pracer dese proceso pode ser importante para acadar os obxectivos desexados.
- Accións de contribución ó plan TIC

A materia de música ten un bloque de contido que versa sobre a consecución de habilidades nas TIC's.

As TIC's son, deste modo, un medio para conseguir unha serie de obxectivos entre os que se atopa a competencia dixital; polo tanto as tecnoloxías da información e da comunicación incorpóranse a práctica docente como ferramentas de comunicación e aprendizaxe para que o alumno/a adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información.

Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC's como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver cos distintos contidos da materia.

○ Accións de contribución ó proxecto de convivencia

O plan de convivencia contempla e desenvolve todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C. Serán importantes, entre outros aspectos:

- Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Integrar a todos os membros da comunidade educativa, dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.

Ademais de dar información sobre as normas correctas de comportamento e respecto, intenta facilitar a reflexión colectiva sobre problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.

Tamén se debe crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.

Débase tratar de detectar canto antes posibles procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.

É por último indica as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.

Como docentes debemos pasar ao XADE as faltas de asitencia diariamente.

1.14 Actividades complementarias e extraescolares do departamento.

Este curso 2022/2023 poderemos retomar algunha das actividades complementarias ou extraescolares que realizaba o departamento ata o ano 2019.

Se a situación segue mellorando, e os responsables sanitarios e educativos así o contemplaran, valoraríamos a realización de actividades que terán unha predisposición preferente de cara a:

- Asistencia aos concertos didácticos programados polo Auditorio de Galicia no caso de conseguir praza.
- Asistencia a un concerto en directo, sexa de música clásica, folk ou étnica.
- Colaboración coa Sociedade Filharmónica de Vilagarcía para a celebración concertos didácticos.
- Colaboración con outros departamentos didácticos en actividades multidisciplinares.
- Participación dos alumnos de 3º da ESO nun concerto de frutas e órgano no Monteiro de San Rosendo de Celanova no terceiro trimestre.

1.15 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

No sempre complexo apartado da avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe non debemos de esquecer a concreción desta avaliación no eido da programación, para aproximarnos a conseguilo suxerimos tras a reunión do departamento de Música os seguintes puntos:

1. Revisión da programación a nivel individual polo profesor/a do departamento de Música con informe individualizado por curso e grupo:
 - Indicador de logro: Número de grupos con resultado positivo por riba do 70 % do alumnado.
2. Posta en común en reunións trimestrais de departamento cara a revisión da consecución dos obxectivos propostos ao inicio dos mesmos e valoración do resultado do alumnado en contidos progresivos ao longo de varios cursos:
 - Indicador de logro: Valoración media por riba de 6 do nivel de execución de contidos relacionados coa linguaxe musical.
3. Enquisa para coñecer o grado de aceptación dos contidos por parte do alumnado.
 - Indicador de logro: Non obter valoración por debaixo de 5 nalgún dos aspectos que valore o alumnado nas enquisas finais.

4. Validación externa por parte da inspección sempre pendente do cumprimento das normas.
5. Cubrir táboa de logro de consecución dos obxectivos propostos:

Trimestre			Indicadores de logro	Si	Non	Propostas de mellora
1º	2º	3º				
X	X	X	O porcentaxe de aprobados nalgunha proba ou contido están por baixo do 70%.			
X	X	X	A temporalización das UDD foi axeitada			
X	X	X	Eliminouse algún contido dos previstos			
X	X	X	Engadiuse algún contido non previsto			
X	X	X	As instalacións e os recursos materiais e didácticos foron suficientes.			
X	X	X	Os alumnos e as súas familias foron informados e comprenderon o proceso de avaliación.			
X			A avaliación inicial cumpre co seu fin.			
		X	A axuda recibida polos alumnos coa materia pendente obtivo resultados positivos.			
		X	As actividades extraescolares e complementarias cumpriron cos obxectivos.			